



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

4º ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN DUNHA PRAZA DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A DE TÉCNICO/A DE MUSEOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DOS MUSEOS DO CONCELLO DE PONTECESO E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

En Ponteceso, sendo ás 10:30 horas do día 7 de novembro de 2024, en sesión telemática comparecen os membros do tribunal que xulga o proceso selectivo para a provisión dunha praza de funcionario/a interino/a de técnico/a de Museos, Grupo A, Subgrupo A2, para a execución do programa de carácter temporal “Dinamización dos museos do Concello de Ponteceso” e formación dunha bolsa de emprego

Constitúese nesta data e hora o tribunal, asistindo os seguintes membros:

Presidente: Miguel Piñeiro Souto, secretario do Concello de Carballo.

Secretaria: Antía Pena Dorado, secretaria do Concello de Ponteceso

Vogais:

Ana Vasco del Castillo, técnica media de Museos no Museo de Belas Artes da Coruña

Mª Nuria Serrano Téllez, técnica superior de museos no Centro Galego de Arte Contemporánea.

Carlos Collazo Martínez, xefe de Servizo de Xestión Tributaria do Concello de Carballo

Rematado o proceso selectivo, o tribunal na reunión celebrada o día 24 de outubro de 2024 acordou o seguinte:

“Primeiro: Elevar á Alcaldía a proposta provisional de aspirantes aprobados que formarán a bolsa de emprego de técnicos/as de Museos, funcionarios/as interinos/as, Grupo A, Subgrupo A2, composta polos seguintes aspirantes, en función da puntuación total obtida no proceso selectivo ordenada de xeito decrecente, sendo a seguinte:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	FASE OPOSICIÓN N 1º exercicio (Test) 30 pts	FASE OPOSICIÓN 2º exercicio (Proposta) 30 pts.	FASE CONCURS O 40 pts.	CUALIFICACIÓN FINAL 100 pts
1	BRANDARIZ LOPEZ, ADRIAN	***0052* *	15,75 puntos	19	25	59,75
2	CABALEIRO COMESAÑA, PAULA	***1119* *	15,75 puntos	15	20	50,75



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	FASE OPOSICIÓN 1º exercicio (Test) 30 pts	FASE OPOSICIÓN 2º exercicio (Proposta) 30 pts.	FASE CONCURSO 40 pts.	CUALIFICACIÓN FINAL 100 pts
3	EIROA POSE, ANGEL	***2205* *	19,5 puntos	15	15	49,5

Segundo: Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal/sxc/es/informacion/>), páxina web e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento, outorgando un prazo de tres días hábiles aos efectos da presentación de reclamacións ou alegacións polos aspirantes.

No caso de que non se presenten reclamacións, a proposta terá o carácter de definitiva”

O obxecto da reunión é o estudo e resolución da alegación presentada, en tempo e forma, pola seguinte aspirante:

- **Dª Paula Cabaleiro Comesaña**, presentada o día 29-10-2024, con rexistro de entrada núm. 202499900002080 na que solicita:

“Que se teña en conta a miña experiencia como DIRECTORA do MAC FLORENCIO DE LA FUENTE durante case 5 anos, museo e fundación de arte contemporánea situado no Mosteiro da Merced en Huete (Cuenca), propiedade do Ayto de Huete, do que o seu alcalde é presidente do padroado da Fundación. Nas bases da convocatoria, indícase o seguinte:

· Experiencia laboral -acreditada documentalmente- en postos da mesma categoría en museos, tanto públicos como privados, na planificación, deseño e/ou desenvolvemento práctico de actividades relativa a museos, de catalogación, inventario, planificación de exposicións, apoio científico e práctico. Acreditada por medio de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e contratos de traballo/certificacións da entidade onde prestara os seus servizos, para a súa valoración deberase acreditar cos dous medios. A razón de 1 punto por cada mes ou fracción de 30 días acreditada. Ata 15 puntos

Indicándose que pode ser en museos tanto públicos como privados, e podendo achegar "certificación da entidade", adxunto nesta alegación novamente un certificado dixital da presidenta da Fundación e un novo documento, emitido polo alcalde de Huete, ratificando a información, xa que non tiña contrato remunerado neste caso, pola situación económica do museo, sendo durante eses anos autónoma e xestora cultural independente, aínda que exercendo con dedicación ese cargo, tras o nombramento por parte do padroado”



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

O tribunal revisa os méritos acreditados na fase de concurso pola aspirante Paula Cabaleiro Comesaña, e á vista dos mesmos resulta que NON é posible acreditar da documentación a portada pola interesada segundo a vida laboral, un réxime de xornada ou porcentaxe de adicación ao desempeño do posto de traballo, ao se tratar , ou ben de voluntariado , ou ben dun traballo en réxime de autónoma, non dependente laboral ou estatutariamente do empregador

Por todo o anterior, o tribunal, por unanimidade, **ACORDA**:

Primeiro: Desestimar a alegación presentada por Paula Cabaleiro Comesaña dado que non é posible acreditar pola interesada segundo a vida laboral, un réxime de xornada ou porcentaxe de adicación ao desempeño do posto de traballo, ao se tratar ou ben de voluntariado ou ben dun traballo en réxime de autónoma, non dependente laboral ou estatutariamente do empregador.

Segundo: Elevar a **proposta definitiva** de formación da bolsa de emprego de técnicos/as de Museos, funcionarios/as interinos/as, Grupo A, Subgrupo A2, ordenados de xeito decrecente segundo a puntuación obtida:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	FASE OPOSICIÓN 1º exercicio (Test) 30 pts	FASE OPOSICIÓN 2º exercicio (Proposta) 30 pts.	FASE CONCURSO 40 pts.	CUALIFICACIÓN FINAL 100 pts
1	BRANDARIZ LOPEZ, ADRIAN	***0052**	15,75 puntos	19	25	59,75
2	CABALEIRO COMESAÑA, PAULA	***1119**	15,75 puntos	15	20	50,75
3	EIROA POSE, ANGEL	***2205**	19,5 puntos	15	15	49,5

Terceiro: Propoñer como aspirante que superou o proceso selectivo a Adrián Brandariz López, que deberá aportar a documentación que figura nas bases que rexeron o proceso

Cuarto: Publicar esta acta no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal (<https://sede.ponteceso.gal/sxc/es/informacion/>), páxina web e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, para os efectos de publicidade e xeral coñecemento.

O presidente do tribunal dá por finalizada a reunión, sendo as 11:00 horas do 7 de novembro de 2024, redactándose a presente acta, que asinan os membros do tribunal.



CONCELLO DE PONTECESO
Concello 18 - 15110 Ponteceso (A Coruña)

Teléfono: 981 714 000
Fax: 981 715 028
concello@ponteceso.gal
www.ponteceso.gal
CIF: P1506900H
REL: 01150682
RELG: MU2000/15

Polo tribunal,

O presidente:

Miguel Piñeiro Souto

Os vogais:

Ana Vasco del Castillo

A secretaria:

Antía Pena Dorado

M^a Nuria Serrano Téllez

Carlos Collazo Martínez